



**ILUSTRE COLEXIO OFICIAL
DE VETERINARIOS
LUGO**

Ramón y Cajal, 2 -3º 27001-LUGO
(982)241193 e-mail: lugo@colvet.es
Rto. Salida nº 300/2017

COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL SOBRE A ACTUALIZACIÓN DA DESPENSA DE TRANSPONDEDORES ELECTRÓNICOS DE VETERINARIOS COLEXIADOS IDENTIFICADORES

O Servizo de Sanidade Animal da Consellería do Medio Rural comunícanos o seguinte en relación coa xestión da identificación equina en Galicia:

“Toda implantación nun équido dun transpondedor electrónico debe acabar co animal dado de alta na base de datos da Xunta de Galicia e ca expedición do correspondente DIE”

En varias ocasións, tras inspeccións realizadas polos Servizos Veterinarios Oficiais, atoparon transpondedores electrónicos xa implantados nos équidos pero que na aplicación SIREGAL aparecen no estado “*Asignado a veterinario sen DIE solicitado*”, superando amplamente o prazo legal que existe para comunicar os datos á base de datos oficial de identificación equina.

Tamén detectaron na base de datos SIREGAL numerosos casos de veterinarios identificadores que teñen despensas de transpondedores electrónicos activos nun número inusual asignados hai moito tempo e outros de recente subministración.

Por tales motivos solicitámosvos que actualicedes a vosa despensa de transpondedores electrónicos entregados, **en especial os entregados hai máis de dous anos.**

A tal fin deberedes solicitar os DIE correspondentes aos transpondedores electrónicos que teñades implantados nalgún équido identificado pero non rexistrado ou solicitarnos a baixa da vosa despensa, indicando o motivo da mesma (perda, caducidade ou outros motivos), pasando o estado do microchip a “Desactivado” na aplicación SIREGAL.

Tamén comunicarvos que, para garantir unha adecuada rotación dos lotes de transpondedores electrónicos subministrados, debedes usar os transpondedores na orde de recepción das partidas en que as retirades do Colexio e que **non se vos asignarán novos transpondedores (agás por motivos suficientemente xustificadas) se aínda**

contades na vosa despensa con transpondedores electrónicos activos e non implantados que foran suministrados hai máis de dous anos.

Lembramosvos que cando se implante un transpondedor electrónico a un équido é obrigatorio dalo de alta na base de datos SIREGAL no prazo legalmente establecido (3 días). De non facelo ou no caso de incorrer noutras irregularidades pode supoñer a **retirada da habilitación para a identificación equina en Galicia.**

Proponse un prazo de dous meses, ata o 1 de xanerio de 2018, para que regularicedes a situación da vosa despensa. A partir de esa data o Servizo de Sanidade Animal consultará no SIREGAL o estado da despensa daqueles veterinarios identificadores que aínda teñan transpondedores electrónicos activos con máis de dous anos desde a data de subministración.

Tamén recordarvos que tedes que avisar aos Servizos Veterinarios Oficiais (SVO) cando atopedes algunha irregularidade, contando cun prazo máximo de 7 días tras a localización da mesma, achegando polo menos os datos de situación da explotación onde se localiza o animal, nome completo do titular, código de transpondedor electrónico implantado e motivo polo que non se pode finalizar a identificación completa do animal.

Saúdos cordiais.

Lugo, a 3 de Novembro de 2017